



**Os usuari@s reclaman  
eleccións accesibles no  
12X e menos exclusión**

**A lei establecerá o  
dereito e a obriga á  
Atención Temprá**

**'Recursos Down',  
material para traballar  
e entreterse na casa**

**RETANDO A ADVERSIDADE CON CREATIVIDADE**

# As entidades Down afrontan a pandemia con teleactividade e comezan a reapertura

Preto de 180 persoas usuarias conseguiron traballo durante o 2019


Número 17 - Xullo 2020

# ÍNDICE

Entidades Down e Covid-19: teleactividade e reapertura	3
'Recursos Down', materiais para estaren activ@s na casa	5
Estudo internacional sobre síndrome de Down e Covid-19	7
Mobilizacións para evitar os recortes tras a pandemia	11
Os usuari@s reclaman un 12X accesible e menos exclusión	15
Unhas 180 persoas usuarias atoparon traballo no 2019	23
Colabora con Down Galicia con Helpfreely e Wapsi	29
A Atención Temperá, un dereito e unha obriga	31
Convenio con Política Social para financiar os servizos	33
Máis noticias?	37
Séguenos!	38

© Publicación da Federación Down Galicia

Textos e deseño realizados polo Departamento de Comunicación



## AS ENTIDADES DOWN AFRONTAN A PANDEMIA CON TELEACTIVIDADE E COMEZAN A REAPERTURA

Teñen sido meses moi duros e complexos para todos e todas por mor da pandemia de Covid-19. Ante tal situación e co estado de alarma, a Federación Down Galicia e as súas entidades membro suspenderon o pasado 13 de marzo as actividades e os servizos presenciais.

Pero aínda que as portas das entidades Down permaneceron pechadas tres meses, até mediados de xuño, os equipos profesionais das mesmas continuaron e continúan traballando a distancia para ofrecer apoio e diferentes recursos ás persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e ás súas familias.

Deste xeito, a Federación e a súas sete entidades están a realizar un seguimento semanal con todas as familias socias e contan cun servizo de apoio e consulta telefónica e online, e nalgún caso a través de WhatsApp, ao que calquera persoa usuaria ou familia pode dirixirse en calquera momento en caso de precisalo.

Así mesmo, os e as profesionais das distintas áreas que conforman o Servicio de Promoción da Autonomía Persoal (SEPAP) das entidades ofrecen sesións virtuais e actividades a distancia a través de distintas plataformas e aplicacións para que as persoas usuarias poidan continuar, dentro do posible, co ritmo habitual de sesións.

Por outra banda, tamén están a enviar material e vídeos de apoio para traballar de forma individual desde a casa e a realizar retos e actividades a través das redes sociais para fomentar a actividade física e mental.

A Federación, pola súa parte, creou o apartado web 'Recursos Down', onde se poden atopar nun mesmo lugar actividades, xogos, contidos audiovisuais e centos de ideas para que persoas estean activas na casa.

### **REAPERTURA: ATENCIÓN PRESENCIAL CON CITA PREVIA**

Coa chegada da nova normalidade en xuño, as entidades Down están a retomar pouco a pouco a atención presencial, programando sesións de traballo de forma individual e con cita previa. Estes encontros levaranse a cabo de xeito seguro e adoptando todas as medidas de seguridade estipuladas polos organismos competentes.

Desde o movemento Down queremos resaltar que será de vital importancia que, ante o mínimo síntoma de coronavirus (tose seca, febre, fatiga ou dificultade para respirar), as persoas usuarias e as súas familias non se acheguen ata as súas entidades aínda que teñan unha cita programada. A prevención é a mellor ferramenta na loita contra o virus.

Desde Down Galicia queremos agradecer o esforzo e a dedicación de todos e todas as profesionais que conforman o Movemento Down, que están a conseguir que persoas usuarias e as súas familias se sintan apoiadas e noten o menos posible a falta de servizos e actividades presenciais.

## 'RECURSOS DOWN', CENTOS DE MATERIAIS PARA ESTAREN ACTIV@S NA CASA

A Federación Down Galicia vén de lanzar 'Recursos Down', un apartado web para que públicos de todas as idades, con e sen discapacidade, conten con información e recursos variados para exercitar o corpo e a mente e poder divertirse durante o tempo en casa, sobre todo xurdido do confinamento que todas e todos vivimos nos últimos meses por mor da crise sanitaria do Covid-19.

Deste xeito, as persoas usuarias da páxina de Down Galicia poden atopar actividades para traballar desde a casa, xogos, contidos audiovisuais, contos, receitas, aplicacións web e móbiles de interese, enlaces directos a conferencias online, centos de ideas para levar a cabo no seu tempo de lecer e varias pautas e recomendacións para esta época tan complicada que estamos a vivir.

Este espazo, ao que se lle deu o nome de 'Recursos Down', foi elaborado con materiais facilitados por entidades membro da Federación Down España, así como con material propio e outros enlaces web de interese.

**[Entra aquí a Recursos Down!](#)**



## UN ESTUDO INTERNACIONAL ANALIZA A VULNERABILIDADE DAS PERSOAS COA SÍNDROME DE DOWN ANTE O COVID-19

Son as persoas coa síndrome de Down máis vulnerables á pandemia de Covid-19? A esta cuestión tratará de responder un proxecto de investigación lanzado pola Sociedade Científica de Investigación sobre a Síndrome de Down, T21 RS- Trisomy 21 Research Society. Tanto Down España como a Federación Iberoamericana de Institucións para a Síndrome de Down -FIADOWN-, da que a federación estatal é membro fundador, dirixíronse ás familias en España e América Latina, pedindo a súa colaboración para reportar casos de familiares coa síndrome de Down afectados por Covid-19.

Ata a data, sábese que o brote de coronavirus afecta especialmente a persoas maiores e a persoas con enfermidades previas. Con todo, aínda existen moitas incógnitas acerca da posible vulnerabilidade de certos colectivos como as persoas con discapacidade intelectual.

En concreto, as persoas coa síndrome de Down poden ter algúns factores subxacentes que poderían afectar á súa resposta e para os efectos adversos asociados á infección por Covid-19. Esta poboación presenta alteracións inmunitarias de diverso carácter e unha maior frecuencia de infeccións bacterianas e virásicas, moi en especial as respiratorias, ademais de frecuentes anomalías na arquitectura do aparello respiratorio.

Por desgraza, non se coñecen o número de casos de infección por coronavirus nin a súa gravidade na poboación coa síndrome de Down.

É por iso que atendendo á iniciativa da Trisomy 21 Research Society (T21 RS) en Europa, Estados Unidos e Iberoamérica fronte á infección polo coronavirus, constituíuse en España unha comisión de traballo co obxectivo de contribuír á detección de casos de persoas coa síndrome de Down que sufrisen a infección, para comprender mellor o risco e proporcionar as recomendacións apropiadas para protexelas.

A comisión T21 RS Covid-19 deseñou e implementou unha enquisa para familias e facultativos que levaron ou están a levar o caso. Ademais, na T21 RS os comités internacionais de investigación están a realizar unha revisión da literatura máis actual sobre os posibles factores de risco nestas persoas.

### **Recomendacións de T21 RS para protexer ás persoas coa síndrome de Down contra o Covid-19:**

- Evitar a exposición, tanto como sexa posible, a través do distanciamento social.
- Asegurar o acceso equitativo á atención médica e tratar ás persoas coa síndrome de Down da mesma maneira que a todos os demais.
- Se hai algunha dúbida sobre un cambio na saúde dunha persoa coa síndrome de Down, buscar asesoramento médico de inmediato.



## MOBILIZACIÓNS DO TERCEIRO SECTOR PARA EVITAR OS RECORTES TRAS A PANDEMIA

Os movementos sociais están alerta para as posibles consecuencias da crise sanitaria. A campaña #TercerSectorEsencial e as demandas de Down Galicia e Down España poñen sobre a mesa que os colectivos non poden quedar atrás agora.

Tendo as consecuencias sociais e económicas da crise sanitaria, o papel do Terceiro Sector Social faise aínda máis esencial para miles de persoas. Trátase dun sistema composto por 28.000 entidades cunha actividade que representa o 1,45 % do PIB e que en 2018 xerou máis de 577.000 empregos directos en España. Son estas entidades as que están a contribuír coas súas estruturas e redes á abordaxe das necesidades dos colectivos máis vulnerables para que ninguén quede atrás.

Para defender a acción do Terceiro Sector, o Comité Español de Representantes das persoas con Discapacidade (CERMI) iniciou a campaña #TercerSectorEsencial, xunto á Plataforma do Terceiro Sector (PTS). Desde Down Galicia unímonos a ela para reivindicar a sustentabilidade do Sector Social e a implementación dunhas políticas sociais que garantan os dereitos das persoas con discapacidade e das súas familias.

Tal e como se expresa no argumentario da campaña #TercerSectorEsencial, “cada euro que dediquemos ás políticas sociais que loitan contra a pobreza e a exclusión social e constrúen cohesión social non será un gasto senón un dos mellores investimentos colectivos que podemos facer, non en beneficio duns poucos, senón en beneficio colectivo”.

Por iso, subliñase que “o recoñecemento ao labor do Terceiro Sector Social débese corresponder con garantías económicas e xurídicas para que poidan manter a capacidade de resposta demostrada”.

### PROTECCIÓN DOS DEREITOS DAS PERSOAS MÁIS VULNERABLES

O colectivo formado por persoas en risco de exclusión social, con problemas de saúde ou con discapacidade sufriu con fartura esta pandemia, que ademais, está a xerar graves situacións de vulnerabilidade entre persoas que nunca antes necesitaran axuda.

Por iso, as entidades do Terceiro Sector de Acción Social están a ser esenciais na resposta ás súas necesidades, demostrando a súa capacidade e mobilizando os seus propios recursos, mesmo cando os servizos sociais se viron desbordados.

## **DOWN GALICIA SÚMASE Á CAMPAÑA E PRESENTA AS SÚAS DEMANDAS**

Nese sentido, Down Galicia súmase á campaña #TercerSectorEsencial para solicitar ao Estado, Goberno, Comunidades Autónomas e Concellos que recoñezan o papel esencial das entidades do Terceiro Sector de Acción Social e garantan o financiamento necesario para seguir defendendo os dereitos das persoas máis vulnerables que reciben o noso apoio.

Para iso, necesítanse instrumentos estables de financiamento da súa acción social, entre outros co mantemento do tramo estatal da casaña de fins sociais do IRPF, regulando, coa máxima celeridade, o 0,7% do Imposto de Sociedades ou co desenvolvemento da Lei do terceiro sector.

Ademais, débese traballar para deseñar novas vías de financiamento destas organizacións, que brinden a estabilidade e a certeza a un labor tan preciso e sensible.

## **AS RECLAMACIÓNS DESDE DOWN ESPAÑA**

Down España únese ás peticións que a Plataforma do Terceiro Sector e o CERMI fixeron ao Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, para que rectifique de inmediato a súa decisión de recortar o apoio económico público ao Terceiro Sector de Acción Social de ámbito estatal, nun momento de extrema vulnerabilidade.

Estas peticións prodúcense tras comunicar a Secretaría de Estado de Dereitos Sociais ao Terceiro Sector a súa intención de reducir substancialmente o tramo estatal da recadación do 0,7% do IRPF de interese social -vía principal de financiamento das organizacións sociais non lucrativas de ámbito estatal- e de non dedicar, como esixe a súa Lei reguladora de 2018, a recadación do 0,7 % do Imposto de Sociedades a fins exclusivamente sociais.

Down España non entende que o sector de acción social, que inclúe ao sector da discapacidade, sexa o que incomprendiblemente sufra un maior impacto nos recortes. Esta diminución nos recursos traerá consigo uns efectos moi prexudiciais para as persoas con discapacidade e as súas familias a curto prazo, que tamén serán patentes no medio e longo prazo. Esta decisión é canto menos cuestionable na medida en que as nosas organizacións se converteron nun axente imprescindible para tratar de atallar o impacto social da pandemia.

Sorprende tamén que se reduzan drasticamente fondos financeiros xa consolidados, algúns comprometidos desde 2018, pero non executados, como os derivados do 0,7% do Imposto de Sociedades, que compensaban a perda de recursos tras a derivación de boa parte dos mesmos ás Comunidades Autónomas. A situación é aínda máis grave se temos en conta que o Terceiro Sector de Acción Social é o único que non recibiu ningún tipo de axuda pública adicional como consecuencia da pandemia, sendo esta crise ademais eminentemente social.





**DOWN**  
España

 **Plena**  
inclusión

**#MiVotoCuenta**

**DERECHO AL VOTO**

**PERSONAS CON DISCAPACIDAD**

## **AS PERSOAS USUARIAS DE DOWN GALICIA RECLAMAN UN 12X ACCESIBLE E MENOS EXCLUSIÓN NA NOVA LEXISLATURA**

Guías en lectura fácil sobre o proceso electoral, información máis comprensible dos programas dos diferentes partidos ou claridade á hora de informar sobre a mesa que corresponde a cada votante son algunhas das reclamas que as persoas usuarias das entidades Down de Galicia poñen enriba da mesa antes das vindeiras eleccións autonómicas deste 12 de xullo.

Estas peticións extráense do “Informe sobre a experiencia das persoas usuarias das entidades Down nas eleccións xerais de 2019”, elaborado por Down Galicia tralos comicios estatais de abril do pasado ano e baseado na resposta de 165 persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais de entre 18 e 60 anos.

Este informe, que tamén recolle a recuperación do dereito a voto do 34% das persoas enquisadas tras a reforma da lei electoral, deixa patente que moitos e moitas das que acudiron a votar precisaron apoios previos para poder facelo, mais gustaríalles contar con materiais accesibles que lles permitisen facelo de xeito autónomo.

O artigo 9 da Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade da ONU, ratificada por España en 2008, di: “A fin de que as persoas con discapacidade poidan vivir en forma independente e participar

plenamente en todos os aspectos da vida, os Estados Partes adoptarán medidas pertinentes para asegurar o acceso das persoas con discapacidade, en igualdade de condicións coas demais”. Queda claro, polo tanto, que o acceso á lectura e á información é un dereito e unha necesidade social.

### **DEMANDAS DO EIDO SOCIAL CONTRA A EXCLUSIÓN E A POBREZA CARA A NOVA LEXISLATURA**

622.000 persoas, o 23% da poboación galega, atopábase no 2018 en risco de pobreza ou exclusión social. 128.000 delas, o 4,8% da poboación, vivían na pobreza severa percibindo menos de 370€ ao mes un fogar dunha persoa ou 776€ nun de dúas persoas adultas e dous menores.

Estes datos son hoxe unha aspiración optimista. As eleccións ao Parlamento de Galicia celebranse no marco dunha emerxencia sanitaria que está sendo acompañada por unha emerxencia social e que empobrecerá drasticamente a milleiros de galegas e galegos se non hai un compromiso político e orzamentario tanto da Xunta de Galicia como de concellos e deputacións.

O Covid-19 trouxo un agravamento notable da situación das persoas máis afectadas e que apenas se beneficiaran da recuperación económica: mulleres, mocidade, nenos e nenas. Pero, especialmente, a aquelas con outros factores de exclusión: monoparentalidade, discapacidade, violencia machista (en especial por prostitución ou trata), etnia,

persoas maiores -especialmente con algunha dependencia-, migrantes ou refuxiadas e, en xeral, aquelas que malvivían da economía informal ou na precariedade laboral e que quedaron sen ningún tipo de ingreso económico. E con agravantes cando se vive no eido rural.

## **AS PERSOAS PRIMEIRO: DEMANDAS CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL**

Esta crise está a constatar a necesidade urxente de aplicar reclamacións históricas das organizacións e redes do Terceiro Sector como a valoración dos coidados, a erradicación do lucro na loita contra a pobreza ou na atención ás persoas dependentes e colectivos vulnerables ou mesmo a aprobación do Ingreso Mínimo Vital.

Na vindeira lexislatura temos unha oportunidade única para evitar que a pobreza e a desigualdade se cronifiquen e cumprir así co compromiso do estado español e da comunidade autónoma galega na Axenda 2030 e no Obxectivo de Desenvolvemento Sostible 1 e reducir como mínimo á metade a porcentaxe de persoas en pobreza.

EAPN Galicia, da que fai parte Down Galicia, reitera os catro principios que resumen a súa incidencia política: loita contra as causas da pobreza e a desigualdade, compromiso en orzamentos e planificación a medio e longo prazo, coordinación política e técnica e diálogo civil e demanda a todas as candidaturas que incorporen no seu programa electoral e se comprometan a que na nova lexislatura se implanten as seguintes 15 grandes demandas:

1. Blindar o orzamento da RISGA
2. Garantir o dereito a vivenda digna, axeitada e accesible
3. Reducir drasticamente a pobreza e a exclusión infantil
4. Erradicar o curtopracismo e a descoordinación institucional na acción política
5. Por un emprego digno e inclusivo
6. Accesibilidade universal en infraestruturas e edificios públicos ou privados
7. Manter servizos básicos contra a exclusión territorial e a pobreza rural
8. Lei ou Estratexia Galega contra a violencia machista
9. Plan galego de loita contra a soidade non desexada
10. “Somos persoas, non expedientes” – Redución drástica da burocracia extrema
11. Elaborar plan urxente de loita contra a fenda dixital
12. Loita contra o discurso do odio, aporofobia e a desinformación
13. Fomento do dialogo civil e Lei do Terceiro Sector de Acción Social
14. Plan de rescate para o Terceiro Sector Social
15. Non admitir diferenzas entre ‘pobreza de aquí e de alá’



SILLEDA SUERTE!  
A DE DICIEMBRE

## PRETO DE 180 PERSOAS DE ENTIDADES DOWN DE GALICIA TRABALLARON EN EMPRESAS DA SÚA CONTORNA EN 2019

Un total de 177 persoas participantes no programa de Emprego con Apoio da Federación Down Galicia, estiveron contratadas en empresas ordinarias da súa contorna durante o ano 2019. Este dato constata a mellora na inserción laboral das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, xa que o número total de persoas usuarias do servizo que contaron cunha oportunidade laboral creceu un 23% con respecto ao mesmo período do ano anterior, elevando así a 6 os anos nos que este número vai en aumento.

Aínda así, soamente o 72,5% das persoas que conforman a bolsa de emprego de Down Galicia tiveron acceso a un posto de traballo neste período. Este baixo porcentaxe vén dado polo elevado número de participantes no programa, que nesta ocasión ascendeu ás 244 persoas usuarias, deixando constancia da importancia que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais lle outorgan a ter un emprego. E é que a inclusión laboral contribúe de xeito eficaz a eliminar os tópicos que tradicionalmente se lle atribúen a este colectivo, sendo ademais unha moi boa maneira de que as persoas con discapacidade teñan unha imaxe máis positiva e útil de si mesmos.





A través destas contratacións, os traballadores e traballadoras puideron adquirir experiencia en postos tan variados como masaxista, dependente, recepcionista, conserxe, auxiliar de farmacia, operario de fábrica ou camareiro, entre moitos outros.

En canto á distribución por localidades, obsérvase que foron 65 persoas as que traballaron neste 2019 na zona de Vigo, 23 en Ourense, 20 en A Coruña, 18 nas áreas de Compostela e de Pontevedra, 17 en Lugo e 16 na zona de Ferrolterra, mellorando as cifras con respecto ao ano anterior en tódalas localidades e demostrando deste xeito a utilidade e a aceptación desta metodoloxía entre o tecido empresarial privado.

Non obstante, o principal escollo para o colectivo de persoas con discapacidade intelectual segue a ser a inestabilidade e a temporalidade nas contratacións. Así, as 177 persoas que tiveron unha oportunidade laboral durante o pasado ano contaron cun total de 206 contratos, o que pon de manifesto a curta duración das contratacións en moitos dos casos.

Como contrapartida figuran as prórrogas dos contratos e as transformacións dos mesmos en indefinidos, que se elevan a 17 e a 16 respectivamente, o que demostra o bo facer dos traballadores e traballadoras nos seus postos de traballo.

Destaca tamén o elevado número de prácticas formativas realizadas polos usuarios e usuarias das entidades Down en Galicia (67), coas que reforzan a súa motivación cara o emprego e melloran as súas habilidades socio-laborais. Sumando contratos e prácticas, case o 82% das persoas usuarias do programa de emprego de Down Galicia contaron con unha oportunidade no eido laboral o pasado ano.

Sen embargo, aínda que se constata que os datos seguen unha tendencia ascendente desde hai uns anos, o acceso a un posto de traballo de forma normalizada segue a ser un dos grandes retos das entidades que traballan a prol da inclusión laboral na empresa ordinaria.

## ACCESO AO EMPREGO PÚBLICO

O Diario Oficial de Galicia publicou o mes de febreiro a adxudicación de prazas, reservadas en exclusiva para persoas con discapacidade intelectual, na categoría de celador/a. Unha delas será para Carmen Brage Eibe, unha muller con discapacidade intelectual membro de Teima Down Ferrol, que se amosa “moi contenta e con moitas ganas de empezar”.

Comezou a preparase hai dous anos e, aínda que ao principio tiña as súas dúbidas de se sería capaz de superar un proceso selectivo destas características, con constancia e traballo deixou patente que si. Durante meses, co esforzo por bandeira, Carmen dedicou moitas horas do seu día a día ao estudo desta oposición.

“Aínda non mo creo, ata que comece e me vexa no allo...”, comenta con felicidade. “Non o esperaba, porque todo o mundo dicía que había xente que levaba preparándose 7 ou 8 anos, pero despois de facer o primeiro exame vin que tiña posibilidades”.

Por outra banda, o pasado ano tivo lugar tamén o proceso selectivo para o ingreso na agrupación profesional do persoal funcionario subalterno da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, destinado tamén a persoas con discapacidade intelectual. Nesta ocasión, ningunha persoa usuaria das entidades Down de Galicia acadou unha praza, salientando todas elas a dificultade do exercicio formulado.

Cada ano son máis as persoas usuarias de entidades Down interesadas en participar nestes procesos selectivos. Todas elas pasan meses, ou incluso anos, preparándose e esforzándose ao máximo, evidenciando deste xeito o interese do colectivo polo acceso ao mercado laboral.

O acceso ó emprego público para as persoas con discapacidade intelectual en xeral, e coa síndrome de Down, en particular, é unha das reivindicacións históricas da Federación Down Galicia.

# COMPRA ON-LINE E COLABORA CON DOWN GALICIA SEN PAGAR MÁIS!



• As plataformas HelpFreely.org e Wapsi.org **teñen un acordo** con moitas das tendas on-line onde mercamos (Booking, Aliexpress...).

• Accede á compra dende a plataforma que corresponda e unha **porcentaxe do importe** irá destinada a Down Galicia.

• O prezo **non se incrementa** e a túa compra axuda a que os nosos programas para persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual **sigan adiante**.

Compra segura,  
Compra solidaria

**DOWN**  
Galicia  
Federación  
Síndrome  
de Down



## A LEI ESTABLECERÁ O DEREITO E A OBRIGA Á ATENCIÓN TEMPERÁ

O 9 de xuño aprobouse no Consello de Ministros o proxecto da Lei de Protección Integral da Infancia e a Adolescencia fronte á Violencia que, entre outros avances, recolle a obrigatoriedade de garantir unha Atención Temperá de calidade a nenos, nenas e bebés con discapacidade.

Coñecida como a 'Lei Rhodes', polo pianista británico do mesmo apelido, James Rhodes, que sufriu abusos sexuais cando era un neno e que loitou pola súa aprobación, esta norma de vital importancia protexerá aos menores fronte todo tipo de violencia, especialmente fronte aos abusos sexuais. Aumentará o prazo de prescrición do delito de abuso sexual a menores, de forma que este empezará a contar a partir do momento en que a vítima



Sesión de atención temperá en Down Lugo

cumpra 30 anos, e non 18 como ocorre actualmente, e expón crear unha nova figura nos colexios, a do 'coordinador de benestar e protección'.

Pero ademais, a pedimento do Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI), esta nova proposta de lei dá un paso adiante en relación ao dereito á atención integral dos nenos e nenas con discapacidade. En concreto, o artigo 11 do Proxecto de Lei propón que "as Administracións sanitarias, educativas e os servizos sociais competentes garantirán de forma universal e con carácter integral a atención temperá desde o nacemento ata os seis anos de idade de todo neno ou nena con alteracións ou trastornos no desenvolvemento infantil".

En decembro de 2018, o Consello de Ministros aprobou o anteproxecto da Lei de Protección Integral da Infancia e a Adolescencia fronte á Violencia, pero este quedou pendente co anuncio de eleccións xerais en 2019, e unha vez máis en 2020, debido á pandemia do COVID-19.

Desde Down Galicia apoiamos e celebramos que, por primeira vez, unha lei de ámbito nacional expoña establecer o dereito e a obriga por parte das Administracións para garantir unha Atención Temperá e o apoio infantil a calquera neno ou nena do noso país con necesidades por alteracións ou trastornos no desenvolvemento, ata os seis anos de idade. Trátase dun avance que esperamos sexa ratificado na súa aprobación definitiva no Congreso dos Deputados.

## DOWN GALICIA E POLÍTICA SOCIAL ASINAN UN NOVO CONVENIO PARA FINANCIAR OS SERVIZOS DA FEDERACIÓN

Delmiro Prieto, presidente de Down Galicia, e Fabiola García Martínez, Conselleira de Política Social, asinaron en maio un novo convenio de colaboración entre ambas entidades. Esta sinatura tivo lugar de forma virtual, debido á actual situación de emerxencia sanitaria pola Covid-19.

Este convenio nominativo, que achegará á Federación seiscentos noventa mil seiscientos oitenta e oito euros (690.688€), ten por obxecto contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social dos gastos de persoal e gastos correntes da Federación Down Galicia e das súas entidades asociadas para este exercicio, así como doutros gastos derivados da execución de actividades, programas e servizos de promoción da autonomía persoal e de prevención e atención á dependencia que Down Galicia ten previsto desenvolver durante o ano 2020.

Con esta sinatura promóvense os programas orientados a favorecer a autonomía e a inclusión socio laboral das 724 persoas usuarias da Federación. Os servizos de Down Galicia e das súas entidades están organizados en diferentes áreas de atención, que comprenden todo o ciclo vital das persoas coa síndrome de Down e outras vida adulta e independente, entre outras.

discapacidades intelectuais, centrándose este convenio nas áreas de atención temperá, formación e emprego e vida adulta e independente, entre outras.

Down Galicia, na súa condición de Federación, presta apoio ás entidades membro que traballan na atención ás persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e ás súas familias dende unha perspectiva global, mellorando así a súa autonomía persoal e as súas condicións de vida e favorecendo a súa inclusión na sociedade galega.





## MÁIS NOTICIAS?

Accede a [www.downgalicia.org](http://www.downgalicia.org) para informarte de todas as novidades e publicacións da Federación e as súas entidades membro. Velaquí algunhas, fai click para delas!

### [O impacto do coronavirus no emprego en Down Ourense](#)

Cando se decretou o estado de alarma Down Ourense contaba con 26 participantes en situacións laborais e persoais heteroxéneas. Ao longo do confinamento tivo que facer fronte, como o conxunto da poboación en activo, a un contexto que requiriu un enorme esforzo e coordinación.

### ['Acercádownos', alternativa virtual para as xuntanzas das familias de Down Vigo](#)

O proxecto “Acercádownos” de Down Vigo acaba de cumprir o seu primeiro mes con boas cifras de participación. De media, máis de 40 familias conectáronse por videochamada cada venres para desfrutar de sesións con contidos amenos e prácticos.

### [Encontro de irmáns e irmás por videoconferencia en Down Coruña](#)

A situación excepcional non impediu que Down Coruña puidese seguir cos encontros de irmáns e irmás, pero desde a distancia grazas a internet. Na xuntanza reflexionouse sobre cuestións que tocaron vivir no confinamento, e sopesaron as cousas negativas e as positivas dentro dese complexo escenario en que se converteu a primavera.

## SÉGUENOS!



[DownGalicia.org](http://DownGalicia.org)



[Facebook.com/DownGalicia](https://Facebook.com/DownGalicia)



[Twitter.com/DownGalicia](https://Twitter.com/DownGalicia)



[Youtube.com/DownGalicia](https://Youtube.com/DownGalicia)



[Flickr.com/DownGalicia](https://Flickr.com/DownGalicia)

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no enderezo [comunicacion@downgalicia.org](mailto:comunicacion@downgalicia.org).

[Consulta a nosa política de privacidade](#)

**Subvencionado por**



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE POLÍTICA  
SOCIAL

